

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

Decreto 169/2003, do 13 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos de residencias de tempo libre.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 44.4º, establece que a facenda da Comunidade Autónoma esta constituída, entre outros rendementos, polos procedentes de prestación de servizos directos pola Comunidade Autónoma, sexan de propia creación ou como consecuencia de traspasos de servizos estatais. A Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, pronúnciase no seu artigo 4 no mesmo sentido.

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, regula tanto o concepto como a forma de fixación dos prezos e dispón, no seu artigo 12, que a súa contía se acordará por decreto por proposta da consellería da que dependa o centro, á que se lle xuntará unha memoria económica.

O Decreto 73/1994, do 25 de marzo, regulaba os prezos públicos das residencias de tempo libre, de Panxón e do Carballiño, que agora é preciso actualizar para acomodalos á alza de prezos que desde entón se produciu.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de febreiro de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo único.-As tarifas esixibles polos prezos relativos ás residencias de tempo libre do Carballiño e Panxón, xestionadas pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, serán as que se fixan no anexo deste decreto.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste decreto, e, en particular, ó Decreto 73/1994, do 25 de marzo.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trece de febreiro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado

ANEXO**1. Estadía e manutención dos residentes.**

a) Tempada baixa (abril, maio, outubro, novembro e decembro).

-17 euros por persoa/día en cuartos de dúas ou máis camas.

-20 euros por persoa/día en cuarto individual.

b) Tempada media (xuño e 2ª quincena de setembro).

-20 euros por persoa/día en cuartos de dúas ou máis camas.

-23 euros por persoa/día en cuarto individual.

c) Tempada alta (xullo, agosto e 1ª quincena de setembro).

-27 por persoa/día.

1.1. Prezo do aloxamento na véspera da incorporación.

-15 euros/cuarto.

1.2. Descontos.

-Nenos menores de dous anos que non utilicen os servizos de comedor ou durman no cuartos dos seus responsables: exentos.

-Os nenos comprendidos entre 2 e os 12 anos, 50% sobre o importe das estadías.

-Familias numerosas: 30% sobre o prezo final que resulte da súa estadía.

-As persoas maiores de 60 anos en tempada baixa e media: 10%.

-Grupos integrados por adultos e nenos maiores de 12 anos, que excedan de 25 prazas, para a mesma residencia e data en tempada baixa e media: 10%.

Os descontos que se especifican anteriormente considéranse incompatibles entre si.

2. Servizo de comedor para visitantes.

-Xantar: 8 euros.

-Cea: 6 euros.

-Almorzo: 2 euros.

-O prezo destes servizos soltos sufrirá un incremento do 10% os domingos e festivos.

3. Recarga.

25% por persoa e día en estadías inferiores a 7 días.

Orde do 21 de febreiro de 2003 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado para o curso 2003/2004.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social,

segundo o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de autonomía.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, atribúelle á Administración Autonómica competencia para a regulamentación dos centros de servizos sociais, entre os que se recollen os centros de atención á primeira infancia. Así mesmo, a Lei 3/1997, galega da familia, infancia e adolescencia, atribúelle á Xunta de Galicia a xestión dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Administración autonómica.

Consonte o exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34, da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto regula-lo procedemento de adxudicación de prazas nos centros de atención á primeira infancia, dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, tanto no relativo ás solicitudes de novo ingreso como ás de renovación de prazas e cobertura de vacantes que poidan producirse ó longo do curso.

Artigo 2º.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar praza nos centros de atención á primeira infancia, os pais ou representantes legais dos nenos e nenas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos de idade:

Idade mínima: ter cumpridos os tres meses na data de ingreso.

Idade máxima: non ter cumpridos os 3 anos de idade o 31 de decembro do ano no que se solicita a praza.

2. Non poderán presentarse solicitudes para o grupo 0-1 para aqueles centros que por razóns estruturais non contén con unidades para este tramo de idade.

3. Poderán integrarse nenos e nenas con discapacidade física, psíquica ou sensorial. O ingreso destes estará supeditado á existencia de condicións infraestruturais idóneas e de persoal axeitado e suficiente no cadro de persoal do centro. En ningún caso poderá haber máis dun neno ou nena de integración por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

Os/as delegados/as provinciais da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, mediante resolución motivada, poderán eximir dos límites de idade de ingreso e permanencia no centro os nenos/as de integración.

Os equipos de valoración e orientación das delegacións provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais ou o órgano

correspondente na Administración do Estado ou nas respectivas comunidades autónomas, serán os competentes no diagnóstico destes nenos, de acordo coas súas propias normas de actuación. Así mesmo, poderán colaborar co persoal dos centros no referente ó seguimento e atención do/a menor durante a súa estancia no centro.

Artigo 3º.-Prazas de ingresos urxentes.

Reservarase un 5% das prazas de cada centro para supostos de máxima urxencia, entendendo por tales os ingresos de menores tutelados/as pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, os fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida ou de vítimas de maltrato acreditado segundo se establece no artigo 6º, e aqueloutros nos que concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiriran unha intervención inmediata. A adxudicación ou denegación de praza nestes supostos será resolta pola directora xeral de Familia nun prazo de 5 días contados a partir da data de presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen caer resolución expresa a solicitude terase por desestimada. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada perante a conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte ó da notificación da resolución.

Artigo 4º.-Servizos.

Os servizos dos centros desagreganse en dúas opcións: asistencia con comedor e asistencia sen comedor. Os usuarios que opten polo servizo de asistencia sen comedor, ateranse ós horarios establecidos no centro para estes efectos.

A opción de servizos elixida farase constar nos impresos de solicitude de novo ingreso ou renovación de praza, e deberá manterse durante todo o curso salvo circunstancias sobrevidas, debidamente acreditadas, que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente.

Artigo 5º.-Solicitudes.

O procedemento para a concesión de prazas iniciárase coa presentación das solicitudes por parte dos pais ou representantes legais dos nenos/as, segundo os modelos normalizados recollidos nesta orde:

Anexo I: reserva de praza.

Anexo II: novo ingreso.

Os impresos de solicitude (anexo I/anexoII) facilitaranse nos propios centros nos que se solicite praza ou nas delegacións provinciais desta consellería, debendo presentarse xunto coa documentación oportuna nas anteditas delegacións provinciais, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

1. Reserva de praza.

Os pais ou representantes legais de nenos/as xa matriculados nestes centros que desexen renovar praza neles presentarán, entre o 3 e o 12 de marzo, á solicitude de reserva de praza (anexo I), na que deberán figurar os ingresos económicos actualizados. As variacións alegadas neste anexo serán cumpridamente xustificadas.

Non poderá renovar praza o solicitante que no momento de formalizala súa solicitude manteña algunha mensualidade impagada de calquera curso.

2. Novo ingreso.

a) O prazo para a presentación das solicitudes de novo ingreso, segundo o modelo oficial (anexo II), será do 17 ó 29 de marzo.

b) Poderase solicitar, no mesmo impreso, praza para dous centros, detallándoos por orde de preferencia.

A puntuación obtida no baremo de admisión determinará a orde de prelación na adxudicación de prazas para calquera das dúas opcións solicitadas.

c) Os solicitantes interesados en participar nas prazas de centros de atención á primeira infancia conveniadas con esta consellería a través do programa «cheque infantil», dirixido a aqueles que non obteñan praza na 1ª e 2ª opción solicitadas, deberán cubri-lo punto do anexo II destinado para este fin. De non cubrir este punto, quedarán excluídos da candidatura ó referido cheque.

Artigo 6º.-Documentación de novo ingreso.

1. Os pais ou representantes legais dos nenos/as presentarán a solicitude para o seu ingreso, achegándose con ela os seguintes documentos cotexados:

a) Fotocopia do libro de familia.

b) Xustificación de ingresos: copia da última nómina e da declaración do IRPF de cada membro da unidade familiar computable para efectos económicos, segundo se determina no artigo 14º desta orde.

No caso de non ter obriga de presentar declaración:

-Os solicitantes de devolución rápida (mod. 104) achegarán copia da comunicación que lles envía a Axencia Estatal de Administración Tributaria en aplicación do artigo 81 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

-As persoas non obrigadas a declarar e que non solicitan devolución rápida (mod. 104) achegarán certificación dos datos existentes na administración, expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, en aplicación do artigo 16 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

c) Informe do equipo de valoración e orientación das delegacións provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais ou órgano correspondente na Administración do Estado ou nas respectivas comunidades autónomas, no que se motive a necesidade de integración, se é o caso.

d) Certificado de minusvalidez, se é o caso, só cando non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

-Cargas familiares.

-Invalidéz ou minusvalidez dos pais, titores e/ou outros membros da unidade familiar, só no caso de certificados que non sexan expedidos pola Comunidade Autónoma de Galicia.

- Enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.

-Situación de desemprego dos pais ou titores.

-Outras situacións a ter en conta pola comisión de baremación.

f) No caso de mulleres maltratadas, informe dos servizos sociais de base e xustificación de ter presentado denuncia ante a autoridade competente.

2. De carecer dalgún dos documentos sinalados nos puntos a) e b) do número anterior, será necesario presentar calquera outro documento que acredite oficialmente a situación familiar ou económica segundo proceda.

Así mesmo, e de carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas, poderase presentar informe dos servizos sociais do concello correspondente.

Artigo 7º.-Emenda.

No caso de que as solicitudes de reserva de praza ou novo ingreso non reúnan os requisitos esixidos, a delegación provincial desta consellería consonte ó artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá o interesado para que, nun prazo de 10 días, emende os erros detectados, con indicación de que, se así non se fixera, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución en tal sentido.

Artigo 8º.-Baremo de admisión.

A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no anexo III, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa,

e trala aplicación deste criterio, terán preferencia as solicitudes de asistencia con servizo de comedor.

Entenderase por unidade familiar para estes efectos, o conxunto de persoas unidas por vínculos de matrimonio ou parentesco, ou as unidades de convivencia cando constitúan núcleos estables de vida en común.

Artigo 9º.-Comisión de baremación.

1. Aplicaráselles a tódalas solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase, en cada unha das delegacións, unha comisión provincial de baremación e selección coa seguinte composición:

Presidente: o/a xefe/a de Servizo de Familia e Infancia.

Vocais: o/a director/a do centro e un/unha representante dos pais dos/as nenos/as do centro do que se estean a barema-las solicitudes.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da delegación provincial designado/a polo delegado/a provincial.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, o/a presidente.

2. A dirección de cada centro convocará os pais a unha reunión, que se celebrará anualmente antes de remata-lo prazo de solicitudes de reserva de praza, co fin de proceder á elección, mediante votación e por maioría simple, do/a seu/súa representante na comisión de baremación e selección.

Artigo 10º.-Relación provisional.

A comisión, unha vez realizada a baremación, efectuará a proposta de selección, e publicará entre o 28 e o 30 de abril, a relación provisional de admitidos e lista de espera, coa puntuación obtida, correspondéndolle a resolución ó delegado provincial, xunto coa fixación de tarifa. Esta relación poderase consultar nas delegacións provinciais da consellería, así como na páxina web da Dirección Xeral de Familia (www.xunta.es/conselle/fm/dxf/inex.htm) e nos respectivos centros

Artigo 11º.-Reclamacións.

Os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que coiden oportunas no prazo de dez días contados desde a data de publicación da relación provisional.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Artigo 12º.-Relación definitiva.

1. Unha vez estudias pola comisión tódalas reclamacións presentadas e mediante resolución do/a delegado/a provincial, procederase á publicación, na última semana de maio, da relación definitiva de admitidos e da lista de espera coa puntuación obtida e tarifa correspondente a cada caso.

Esta relación poderase consultar nas delegacións provinciais da consellería, así como na páxina web da Dirección Xeral de Familia (www.xunta.es/conselle/fm/dxf/inex.htm) e nos respectivos centros. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado, no prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ó da publicación da resolución.

2. Os solicitantes admitidos, disporán dun prazo de dez días, a partir da publicación da admisión, para confirmaren a súa praza presentando certificado médico do neno/a nas delegacións provinciais desta consellería sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se non se presentase a devandita documentación no prazo sinalado, terase por decaída a solicitude da praza, logo de resolución en tal sentido.

3. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolve-lo procedemento previsto nesta convocatoria, será de 6 meses contados a partir do día seguinte ó da publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

Artigo 13º.-Lista de espera.

1. A lista de espera estará constituída polo solicitantes que non obteñan praza na 1ª e 2ª opción, ordenados segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.

2. As vacantes que se vaian producindo ó longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre os solicitantes en lista de espera.

3. Os integrantes da lista de espera que se inscribisen como candidatos ó programa de «cheque infantil» serán excluídos da mesma ó adxudicárse-lle-la/as prazas participadas por este programa, aínda no caso de renunciaren a elas.

4. As solicitudes que por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, non se presentaran nos prazos fixados nesta convocatoria, serán tramitadas e baremadas polas comisións provinciais de selección e baremación para a súa inclusión na lista de espera, segundo a puntuación obtida.

Artigo 14º.-Tarifas.

1. Para a determinación das tarifas aplicables seguirase o establecido no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes desta consellería.

Para estes efectos, entenderase por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de

persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Entenderase por unidade familiar, para efectos económicos, a formada polos pais e fillos menores de dezoito anos ou fillos maiores de dezoito anos con minusvalidez superior ó 33%. No caso de familias monoparentais, e para efectos do cálculo da renda per cápita ó que se refire o parágrafo anterior incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

2. Tódolos usuarios aboarán a contía de once mensualidades por curso, agás as excepcións contempladas na normativa reguladora destes centros.

3. Se por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días hábiles consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a este período.

4. A inasistencia do usuario durante un período determinado non supón redución algunha nin exención da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

Non obstante, e con carácter excepcional, aqueles usuarios que por motivos de saúde deixen de asistir ó centro temporalmente, estarán exentos de aboa-la cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural no que o usuario se reincorpore ó centro. Nestes casos a solicitude de exención da tarifa, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o/a delegado/a provincial.

Artigo 15º.-Revisión da tarifa.

Ó longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, cando concorran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar referidas ós seguintes casos:

a) Modificación das variables que determinan os descontos recollidos no decreto regulador de prezos destes centros (anexo III.3).

b) Variacións nos seus ingresos, sempre que estes sufrisen durante máis de seis meses consecutivos, e mantivesen na data de revisión de tarifa, unha diminución ou incremento do 25%, fronte ós ingresos declarados na solicitude de praza.

Neste sentido, o beneficiario queda obrigado a comunicar calquera variación que se produza ó respecto.

A modificación da tarifa, se é o caso, será resolta polo/a delegado/a provincial e aplicase a partir da data da súa revisión.

Artigo 16º.-Baixas.

Causarase baixa nos centros de atención á primeira infancia por algunha das circunstancias seguintes:

1. Por cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.

2. Por solicitude dos pais ou representantes legais.

3. Pola falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ó que se refire a débeda.

4. Por comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.

5. Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.

6. Por falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.

As baixas comprendidas no número 5 anterior resolveraa, por proposta do/a delegado/a provincial unha vez oídas a dirección do centro e mailos pais ou representantes legais do neno/a, a Dirección Xeral de Familia. Nos demais supostos, será competente o/a delegado/a provincial.

As baixas producidas ó longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranse coas solicitudes que quedasen en lista de espera en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

Artigo 17º.-Participación dos pais.

Desde a dirección dos centros fomentase a colaboración dos pais co centro e as relacións co persoal deste, así como a súa participación nos órganos colexiados que puideran crearse.

Disposición derogatoria

Quedan sen efecto tódalas disposicións anteriores de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto na presente orde, especialmente a Orde do 8 de marzo de 2002.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Familia para que dicte, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2003.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado

ANEXO I



CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

CURSO 2003/2004

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA EN CENTROS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM402A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

CENTRO SOLICITADO
SERVICIOS SOLICITADOS ☐ ASISTENCIA CON COMEDOR ☐ ASISTENCIA SEN COMEDOR

DATOS DO/A NENO/A

APELIDOS	NOME
DATA DE NACEMENTO	

DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

NIF / NIE	APELIDOS	NOME
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA
		C.P.
CONCELLO DO LUGAR DE TRABALLO	Nº SEGURIDADE SOCIAL	TELÉFONO DE CONTACTO 1
		TELÉFONO DE CONTACTO 2

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

APELIDOS E NOME (INCLUÍDO O SOLICITANTE)	NIF / NIE	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL	INGRESOS ANUAIS
NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR _____					SUMA DE INGRESOS ANUAIS _____

ACTUALIZACIÓN DE CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES

- ☐ FAMILIA NUMEROSA
☐ FAMILIA MONOPARENTAL
☐ ASISTENCIA DE VARIOS IRMÁNS Ó MESMO CENTRO

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 21 de febreiro de 2003 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado para o curso 2003/2004.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Delegado/a provincial da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado

ANEXO II



CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

CURSO 2003/2004

PROCEDEMENTO

SOLICITUDE DE NOVO INGRESO EN CENTROS DE ATENCIÓN
Á PRIMEIRA INFANCIA

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

FM402A

DOCUMENTO

SOLICITUD

DATOS DO/A NENO/A

APELIDOS	NOME
DATA DE NACEMENTO	

DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

NIF / NIE	APELIDOS	NOME
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA
		C.P.
CONCELLO DO LUGAR DE TRABALLO	Nº SEGURIDADE SOCIAL	TELÉFONO DE CONTACTO 1
		TELÉFONO DE CONTACTO 2

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

APELIDOS E NOME (INCLUÍDO O SOLICITANTE)	NIF / NIE	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL	INGRESOS ANUAIS
NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR _____					SUMA DE INGRESOS ANUAIS _____

CENTROS SOLICITADOS POR ORDE DE PREFERENCIA

	NOME DO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA
1ª OPCIÓN	_____	_____	_____
2ª OPCIÓN	_____	_____	_____

SERVICIOS SOLICITADOS

☐

ASISTENCIA CON COMEDOR

☐

ASISTENCIA SEN COMEDOR

CANDIDATO A CHEQUE INFANTIL

☐

SI

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de febreiro de 2003 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado para o curso 2003/2004.

SINATURA DO SOLICITANTE

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Delegado/a provincial da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado

I. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

- Número de membros menores de 18 anos a cargo da unidade familiar, incluíndo o/a neno/a para o que se solicita a praza
- Número de membros maiores de 18 anos sen ingresos económicos, a cargo da unidade familiar a excepción dos pais ou titores do neno/a para o que se solicita a praza
- Número de membros, incluído o/a solicitante, con enfermidade ou discapacidade

Tipo de enfermidade ou discapacidade:

- | | Nai | Pai | Outros membros |
|--|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| • Discapacidade física, psíquica ou sensorial | ☐ | ☐ | ☐ |
| • Enfermidade crónica que requira internamento periódico | ☐ | ☐ | ☐ |
| • Alcoholismo ou drogodependencia | ☐ | ☐ | ☐ |

- | | Si | Non |
|--|--------------------------|--------------------------|
| - Condición de familia monoparental | ☐ | ☐ |
| - Ausencia do fogar familiar de ámbolos dous membros parentais | ☐ | ☐ |
| - Condición de familia numerosa | ☐ | ☐ |
- Irmán/á/ás/ás con praza renovada no centro para o curso 2003-2004

Nome do neno/a

II. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR (MÁRQUESE CUN X O QUE PROCEDA)

- Situación laboral de ocupación de ámbolos dous membros parentais ☐ Si ☐ Non

No caso de que no punto anterior sinalara a opción "Non" Indicar a continuación o que corresponda:

- | | Nai | Pai |
|--|--------------------------|--------------------------|
| - Situación laboral de desemprego sen prestación económica | ☐ | ☐ |
| - Situación laboral de desemprego con prestación económica | ☐ | ☐ |
| - Realiza traballos sen cualificar fóra do fogar sen percepción económica fixa | ☐ | ☐ |

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ LIBRO DE FAMILIA.
- ☐ XUSTIFICANTE DE INGRESOS (ÚLTIMA NÓMINA E COPIA DA DECLARACIÓN DO IRPF OU, NO CASO DE NON ESTAR OBRIGADO A DECLARAR CERTIFICACIÓNS EXPEDIDAS POLA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, CERTIFICADO DE PRESTACIÓN ECONÓMICA DO INEM OU CERTIFICADO DE NON PRESTACIÓN, SE É O CASO, CERTIFICACIÓN DE EMPRESA, XUSTIFICACIÓN DOUTROS INGRESOS).
- ☐ CERTIFICADO DE MINUSVALIDEZ ALEGADA POLOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR, SÓ NO CASO DE QUE NON SEXA EXPEDIDO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.
- ☐ CERTIFICADO MÉDICO NO CASO DE ENFERMIDADES CRÓNICAS OU OUTRAS AFECCIÓNS ALEGADAS POLOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR.
- ☐ INFORME DO EQUIPO DE VALORACIÓN E ORIENTACIÓN DAS DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS OU ÓRGANO COMPETENTE NA MATERIA NA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO OU NAS CORRESPONDENTES COMUNIDADES AUTÓNOMAS, SOBRE A NECESIDADE DE INTEGRACIÓN NO CASO DE NENOS CON DISCAPACIDADES.
- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE INCIDENCIAS TALES COMO: SEPARACIÓN DO CÓNXUXE, ABANDONO DO FOGAR, MALTRATO, ETC.
- ☐ INFORME DOS SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO CORRESPONDENTE, NO SUPOSTO DE QUE SEXA NECESARIO POR FALTA DE ACREDITACIÓN DOCUMENTAL SUFICIENTE OU POR SITUACIÓNS ESPECIAIS NAS QUE VIVA A UNIDADE FAMILIAR.

Poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias que puntúan no baremo de selección. A omisión, falsidade dos datos ou dos documentos achegados, e a duplicidade de solicitudes no momento da matriculación serán causas da súa anulación.

_____, ____ de _____ de 200__
(Sinatura do solicitante)

ANEXO III

Baremo de aplicación ás solicitudes de admisión nos centros infantís

1. Situación sociofamiliar.

1.1. Por cada membro menor de 18 anos a cargo da unidade familiar, incluído/a o/a solicitante: 4 puntos.

1.2. Por cada membro maior de 18 anos a cargo da unidade familiar, sen ingresos económicos, agás os pais do/a solicitante: 4 puntos.

1.3. Por discapacidade física, psíquica ou sensorial, enfermidade crónica que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia (segundo o grao):

-Pai: ata 5 puntos.

-Nai: ata 5 puntos.

-Outros membros da unidade familiar: ata 5 puntos.

1.4. Por ausencia do fogar familiar (viuvez, separación, divorcio, familia monoparental, etc.):

-Pai: 6 puntos.

-Nai: 6 puntos.

1.5. Por irmán/á-áns/ás con praza renovada no centro nun grupo de idade superior á do/a neno/a para o que se solicita praza: 5 puntos.

1.6. Pola condición de familia numerosa: 6 puntos.

1.7. Calquera outra circunstancia sociofamiliar que sexa susceptible de valoración a xuízo da comisión e adecuadamente acreditada: ata 5 puntos.

2. Situación laboral familiar.

2.1. Situación laboral de ocupación de ámbolos dous membros parentais: 6 puntos.

2.2. Situación laboral de desemprego sen prestación económica:

-Pai: 4 puntos.

-Nai: 4 puntos.

2.3. Situación laboral de desemprego con prestación económica:

-Pai: 3 puntos.

-Nai: 3 puntos.

2.4. Traballos sen cualificar fóra do fogar sen percepción económica fixa:

-Pai: 3 puntos.

-Nai: 3 puntos.

No caso de familias monoparentais adxudicaráselle-la puntuación do epígrafe correspondente computando por dous, exceptuado o número 2.1, no que a puntuación da familia monoparental se asimila á formada por dous membros.

3. Situación económica.

RPC mensual da unidade familiar (pais e fillos), referida ó salario mínimo interprofesional vixente:

-Inferior ó 50% do SMI: +3 puntos.

-Entre o 50% e o 75% do SMI: +2 puntos.

-Superior ó 75% e inferior ó 100% do SMI: +1 punto.

-Entre o 100% e o 125% do SMI: -1 punto.

-Superior ó 125% e inferior ó 150% do SMI: -2 puntos.

-Superior ó 150% do SMI: -3 puntos.

* En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 11 de febreiro de 2003 pola que se dá publicidade ó acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras da convocatoria de 30 bolsas de promoción exterior.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), en liña coas funcións que ten encomendadas como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsa-lo desenvolvemento competitivo do sistema productivo galego, ven levando a cabo unha serie de accións no ámbito exterior desde o apoio á formación de capital humano especialista no eido internacional, o apoio ás empresas galegas no seu proceso de expansión exterior, a captación de investimentos estranxeiros cara a Galicia ata o apoio a outros activos intanxibles como son a transferencia tecnolóxica. Para iso o Igape conta con presenza permanente en varios países a través dos Centros de Promoción de Negocios do Igape no exterior e mediante acordos de representación.

Esta presenza internacional refórzase a través do Programa de bolsas de promoción exterior a través do que mozos titulados universitarios adquiren unha formación teórica e práctica no ámbito internacional á vez que desde os seus destinos prestan apoio ás empresas galegas na súa busca de novos mercados e ó establecemento de acordos con empresas estranxeiras.

Por todo o que, o Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, na súa reunión do 30 de xaneiro de 2003, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de 30 bolsas de promoción exterior cunha dotación orzamentaria de 990.000 euros.

Por todo o que antecede,

RESOLVO:

Primeiro.-Dar publicidade ó acordo do Consello de Dirección do Igape do 30 de xaneiro de 2003